

XANEIRO-FEBREIRO 2024

Revista Galega de Información Literaria - Ano 21 N.º 126

PVP 3 €

**O ano estréase con novelas de
Berta Dávila, Lola Rontano,
Elena Gallego e Mariña
Pérez Rei**

Biblos

CLUBE DE LECTORES



So ante as eleccións

Enfrontámonos de aquí a pouco a novos procesos electorais que decidirán a nosa representación en esferas ben diferentes do poder. Na maioría dos casos, estamos chamados a emitir o voto con esa sensación do esforzo inútil, da insignificancia da opción elixida que veremos diluírse nun océano de papeletas, e –mesmo, e peor– coa experiencia de asistirmos perplexos á terxiversación que pode darse dos resultados.

Con todo, non se trata dun esforzo inútil. Na consciencia do voto está o segredo dun sistema que tanto pode xerar novos rumbos na política como tamén deter ou amainar condutas que a maioría dos cidadáns consideren desacertadas. Mais, para que sexa relevante a nosa participación, o punto de partida está na importancia que como individuo outorguemos a ese xesto aparentemente pouco determinante. Está en nós non ter medo a nós mesmos para optar por aquela proposta que consideremos a mellor cando sabemos que o segredo do voto nos libera de ter que dar contas. Non hai fidelidades a nada nin a ninguén, partidos ou persoas, nin opcións de voto que non podamos mudar para que en cada ocasión sexa a que nos dita a propia consciencia.

Cofecar o sistema que determina os mecanismos do poder (desde a organización das forzas políticas que aspiran a representarnos ata as características dos organismos que rexerán a actuación dos políticos electos) e saber dilucidar con acerto as propostas que desde a nosa perspectiva consideremos básicas para o futuro que desexamos, son parte da cultura. Unha batalla pola formación e a cultura que debe figurar impregnándoo todo para que os cidadáns do futuro sexan cada vez menos masa e máis cidadáns de primeira, menos manipulables e máis determinantes na escollo dos seus representantes.

Carmela González

Directora

**Biblos**

CLUBE DE LECTORES

Biblos Clube de Lectores, S. L.Quintá N.º 8 - Mandaio
15391 Cesuras - A Coruña

Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039

www.biblosclubde.com

email: subscritores@biblosclubde.com

Depósito Legal: C 285-03

ISSN: 1697-7440

A Portada

Imaxe dun peliqueiro tomada en Verín o 3 de marzo de 2019 por Sunnyorange. Peliqueiros, cigarróns, damas e cabaleiros, madamas e galáns, madamitas e madamitos, xenerais, choqueiros, chocalleiros, vellaróns, pantallas, felos, boteiros, galos, labardeiros e moitos outros personaxes do Entroido saíran ás rúas para encher de cor e celebración as nosas vilas e aldeas, xa chova, vente, ou vaia unha friaxe de consideración.

Lembre
facer o seu
pedido do
bimestre



Xosé de Cea, Luz Campello, Pedro Feijoo, Xoán Colazo Pazó e Xesús Fraga estiveron na librería Biblos

Xosé de Cea, Luz Campello, Pedro Feijoo, Xoán Colazo Pazó e Xesús Fraga estiveron na librería Biblos de Betanzos no derradeiro bimestre do ano. Xosé de Cea presentou *Coimbra*, a novela publicada por Galaxia onde reconstrúe en primeira persoa a emigración galega en Cataluña. Na proximidade do 25 N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a muller, contamos coa poeta Luz Campello para falar do papel da poesía como instrumento de denuncia da violencia que se segue a exercer sobre as mulleres en todo o mundo e do impacto dos diferentes tipos de violencias na saúde da muller. Fixoo intercalando a lectura de poemas de dous dos seus libros: *Inventario do prohibido* e *Ben sabe o mar que posúo o botín das piratas*.

De novo, confirmamos que a realidade adoito supera a ficción. Foi ao longo da conversa entre o autor vigués Pedro Feijoo e a catedrática de Filosofía Rosana Freire Calviño ao fio da presentación de *Ninguén contará a verdade*, a novela gañadora do Premio Xerais de 2023. Da man do autor fixemos un percorrido pola

alarmante trama desta obra, na que construtores, banqueiros, avogados, altos cargos políticos e directivos de medios de comunicación dan conta de mordidas, lanzan globos sonda, tecen intrigas e groseiras mentiras con tal de conservar ou de detentar maior poder.

Tomás Rodríguez Novoa –membro da Asociación Micolóxica Pan de Raposo, da Asociación Micolóxica Coruñesa e do Grupo Naturalista Hábitat– estivo na librería Biblos de Betanzos para falar de cogomelos. Fixo unha pequena achega a algunhas especies e curiosidades relacionadas con fungos e cogomelos: un universo demasiado extenso para aproximarse a el nunha xuntanza breve, porén o encontro serviu para resolver algunhas dúbidas das persoas participantes, comentar curiosidades sobre as especies que medran nas proximidades e, unha vez máis, conversar arredor das bondades de saír ao campo para gozar da natureza, proposta esta última que comparte Xoán Colazo Pazó no seu libro *Cento doce viaxes na miña terra*, editado por Sermos Galiza.

Nunca antes unha viaxe entres dous solsticios se fixera tan breve. Foi ao compartir espazo e tempo co xornalista e escritor betanceiro Xesús Fraga e o comunicador ambiental Antonio Sandoval na presentación do libro *Río Miño. Unha viaxe entre solsticios*, publicado por Kalandraka. Nel, Xesús Fraga verte a vivencia do percorrido que fixo polo curso do gran río galego durante seis meses, entre os solsticios de inverno e de verán. É este un texto inzado de referencias literarias, anécdotas propias do “camiñante”, datos históricos e unha mancha de reflexións arredor do que foi e é o gran cauce vertebrador de Galicia. Xesús Fraga falou dos libros que o inspiraron para enfrontarse a toma de contacto co río e compartiu o relato de moitas das anécdotas que narra neste texto, que mereceu este ano o XVIII Premio Eurostars de Narrativa de Viaxes. No acto participaron tamén Paz Castro, responsable de Comunicación de Kalandraka, e Ricardo Rodríguez, do departamento comercial da editora.

Berta Dávila



Foto: Adela Dávila


A ferida imaxinaria

Conta a historia de dúas parellas de irmás distanciadas, dous peixes laranxas e un ganso doméstico. E tamén a dos habitantes da aldea de Soutelo, cerca de Viveiro. Falta pouco tempo para que se produza unha eclipse solar total, pero ningunha das protagonistas ten un interese especial no fenómeno. As catro están mergulladas na súa propia escuridade. Un acuario e unha casa de cristal, a vida corrente e a vida de artista, a amizade entre persoas descoñecidas, as identidades duplas e a viaxe como única maneira de permanencia son algúns dos elementos dunha novela que fala da busca de consolo e en cuxas páxinas xorde unha melodía inesperada que dá conta das feridas da existencia. Berta Dávila crea personaxes, situacións e paisaxes nunca antes vistas e, así e todo, absolutamente próximas e familiares; concibe unha fabulación ategada de imprevistos, consonancias simbólicas e paralelismos temáticos capaz de producir, coma nos movementos dun ballet, unha sutileza narrativa onde nada carece de senso, e onde todo flúe para provocar o asombro.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 176 páxinas

ISBN: 978-84-1110-461-6

17,05 €




Francisco Fernández Davila Groenlandia

Comeza o 1995, o ano da guerra do Fletán entre Canadá e os pesqueiros galegos que faenan preto Terranova. Un mariñeiro case moribundo é atopado nunha balsa salvavidas e levado ata as Azores. Alí esperta sen memoria e, mentres reconstrúe a súa identidade nun dilema entre a lealdade matrimonial e o amor pola enfermeira que o coidou, vese envolto nunha aventura chea de humor e intriga.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 280 páxinas

ISBN: 978-84-1176-173-4

19,90€



Leticia Costas Un animal chamado néboa

A capacidade de resistencia á dor física ou psicolóxica non se pode medir. É en situacións límite cando as persoas amosan comportamentos insólitos, para ben e para mal. Na II Guerra Mundial tiveron lugar episodios tan estarrecedores e crueis que algúns deles resultan imposibles de dixerir. *Un animal chamado néboa* é un libro de relatos onde a ficción se constrúe a partir de diferentes acontecementos sucedidos durante o conflito bélico.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 208 páxinas

ISBN: 978-84-1110-462-3

18,52 €

OUTROS TÍTULOS

Bailarei sobre a túa tumba

Biblos Cartonado
16,5 x 22 cm 94 páxinas

ISBN: 978-84-936607-4-1

14 €

Bailaré sobre tu tumba

Biblos Cartonado
16,5 x 22 cm 94 páxinas

ISBN: 978-84-936607-5-8

14 €

Carrusel

Galaxia Rústica
13,50 x 21 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-9151-404-6

15,50 €

Illa decepción

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 148 páxinas

ISBN: 978-84-9151-559-3

15,48 €

Os seres queridos

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-1110-030-4

16,10 €

O derradeiro libro de Emma Olsen

Galaxia Rústica
14 x 21 cm 124 páxinas

ISBN: 978-84-9865-507-0

15,50 €

NOVELA GRÁFICA

Berta Dávila e Pablo Prado

O derradeiro libro de Emma Olsen

Galaxia Cartonado
21 x 29,5 cm 88 páxinas

ISBN: 978-84-9151-447-3

19,19 €

XUVENIL

A pel do mundo

Galaxia Rústica
13 x 20 cm 76 páxinas

ISBN: 978-84-9151-146-5

10,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Un elefante na sala de estar

Xerais Rústica
13 x 21 cm 140 páxinas

ISBN: 978-84-1110-086-1

12,95 €

INFANTIL

Berta Dávila e Inma Doval

A fuxida

Biblos Cartonado
23 x 22 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-15086-43-7

17 €

Demetrio Demoscopio perdeu a chispa

Xerais Rústica
13,5 x 19 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-1110-061-8

11,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

O libro grande dos números pequenos

Xerais Cartonado
19,5 x 26,5 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-1110-265-0

15,15 €

POESÍA

Raíz da fenda

Xerais Rústica
14,5 x 22,5 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-9914-527-3

15,50 €



Xosé M. Eyré Ou as dúas estaredes mortas

"Este libro conta noventa e sete vidas en formato de miniconto. Este libro conta dúas vidas fragmentariamente, páxina a páxina, que poden ser unha, non diría que non, e poden ser tres, se ti te decides a lelo, ou aínda máis, porque o caos é pérfido mentres ti non lle deas forma. Este libro tamén repite unhas cincuenta veces a palabra 'ollo(s)'. Só ti estás en condicións de saber a razón". Texto da contra capa.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 254 páxinas

ISBN: 978-84-1176-147-5

18,52 €

Lola Rontano

Talvez non chamará a atención que a segunda novela, escrita en galego, da activista medioambiental Lola Rontano teña que ver cun conflito arredor dunha mina. Tampouco que na trama se mesturen ecoloxía e loita pola terra. Pero si sorprenderá que o resultado presente en clave de intriga unha ficción que combina desobediencia civil e solidariedade entre comunidades rurais e urbanas, con misteriosas mortes e vellos rancores. Lola Rontano (Comala, Murcia, 1977) recalou en Galicia como voluntaria durante a crise do *Prestige*. É viaxeira e profesora de francés.

A súa primeira novela, *Austroatlántica, la Argentina que Dios quiere* (2019), foi merecedora do XXX premio Torrente Ballester en castelán. En 2014, conseguiu o XXV premio de narrativa Camilo José Cela polo relato *Las Ubres de la Noche*. Ademais de colaborar con artigos e outros textos en diversos fanzines, revistas e xornais dixitais, traduciu cancións do francés Dominique A (*El oficio de cantante*, inédito), escribiu a *Teogonía dos Plásticos* e participou na *Antología de poesía erótica* do Instituto Iberoamericano de Estudos Atlánticos en 2015. Na revista *Luzes* publicou a crónica “Diario negro dunha marea”, coordinou un artigo sobre a obra fotográfica de Man, o alemán de Camelle, e deixou unha reseña sobre a cultura de orixe galega presente en Bos Aires.



“Sinto máis empatía polos pobos sedentarios, seguramente por iso

A miña novela apela á toma de conciencia e ao á resignación e a esta inercia histórica que nos

En Vila Amparo, un porto de mar da Costa da Morte, viven o bibliotecario, as profesoras, a reposteira Victoria, o percebeiro Urbano, os mestres xubilados, a peixeira Carmela, o Tetris e mais Rou. Todos eles protagonizan en *Esperta do teu sono* un núcleo de oposición fronte ao megaproxecto dunha mineira canadense que suscita tensións e enfrontamentos entre a veciñanza, mais tamén unha estreita amizade e colaboración que cambiará as súas vidas.

—O título é xa un alento épico. É para poñernos na pista dunha novela de intenso activismo social?

—O imperativo do título interpélanos íntima e colectivamente. Durmimos de xeito individual e como sociedade tamén adoitamos estar durmidos. Durmir e vivir cos ollos pechados ás desgrazas presentes ou futuras, ao que nos molesta ou que tememos. Agás cando o que soñamos resulta desagradable e traumático. Nese momento, acordar é un alivio. E isto é o punto de partida desta novela. Lembro que na época de crise a xente repetía moito aquilo de “Éche o que hai”. Neste sentido, *Esperta do teu sono* vai na mesma liña de ensaios como o “Indignez-

-vous” de Stéphane Hessel, apelando á toma de conciencia e ao inconformismo fronte á resignación, a inacción e a esta inercia histórica que nos levará á extinción. Por outra banda, en Galicia, “o fogar de Breogán”, “Desperta do teu sono” ten unha resonancia concreta, que remite ao himno nacional, a eses versos cantados ao remate das nosas mobilizacións pola salvagarda da terra e do futuro de Galicia. Por ese lado, o poema de Pondal, en aparencia tan bucólico e apracible, resulta tamén un canto cheo de vida e de significado, un auténtico himno “ecofeminista” *avant la lettre*. E si, seguramente, Pondal sentiríase algo incómodo con este concepto.

—*Esperta do teu sono* toma como motivo central o futuro da ecoloxía e o conflito da mina de Corcoesto, en Cabana de Bergantiños. Que outros temas aparecen?

—Pois o propio espazo natural onde se desenvolve, a nosa soidade e illamento fronte ao mundo natural do que cada vez estamos máis distanciados, a experiencia da morte e da orfandade, a irrupción das redes sociais nas nosas vidas, a busca dun lugar no mundo, a persecu-

ción do activismo medioambiental fronte á pasividade e inacción de boa parte da sociedade, a importancia das comunidades humanas; a liberdade, o amor e a homofobia tamén están presentes. Este é un tema, que sen ser central, reflota sempre en canto escribo.

—Naceu en Murcia pero leva vinte anos en Galicia. Que nos pode contar desta travesía?

—Cheguei a Galicia despois de residir e traballar durante tres anos en Rusia, Francia e Bélxica, entre os vinte e un e os vinte catro anos, como profesora de español. Esta primeira viaxe a Galicia en novembro de 2002, sen eu sospeitalo, marcaría boa parte da miña vida: case a metade dela! Instaleime en Santiago de Compostela e fixen moitas amizades. Entre manifestacións de Nunca Máis e marchas contra a guerra de Irak, en catro meses falaba o galego de xeito fluído. Nese verán aprobei unhas oposicións de secundaria e convertínme en profesora de francés, unha profesión marabillosa, por certo, e o meu *modus vivendi*. Por sorte e, sen dúbida, por afinidade, todos os meus amigos e colegas máis próximos foron e son galegofalantes, polo que me



Foto: Xosé Abad

nómades que polos
o me gusta tanto Galicia"

inconformismo fronte levará á extinción

resultou bastante doado aprender e assimilar da forma máis natural o galego. Ademais, foi unha experiencia inmensamente gratificante porque me abriu a uns horizontes totalmente descoñecidos para min, como son o Atlántico, Portugal, Brasil, Arxentina... E agora que estou a aprender italiano, vexo moitas cousas en común. De non ter pasado por Galicia, eu non sei se escribiría *Austroatlántica*, a miña primeira novela, ubicada na Arxentina e con protagonistas de orixe galega.

—Como neofalante foi difícil escribir *Esperta do teu sono*?

—Foi un desafío que me impuxen. Igual que o foi escribir unha novela "arxentina". Lin bastante literatura galega mentres escribía esta novela, subliñando expresións e tomando notas. Lingua, natureza, patrimonio, tradición, futuro, estaban ligados nesta loita contra a mina de Corcoesto. De xeito que na novela, que é coral e contén moitísimo diálogo, non me imaxinaba os diálogos noutra lingua que non fose o galego.

Hai vinte anos que vou e veño entre Galicia e Murcia ata o punto de que aló me chaman "a galega" e aquí a xente sor-

préndese cando lle digo que son murciana. Agora vexo moitos máis matices tanto na idiosincrasia como na paisaxe galega. A miña visión é máis completa e crítica. Talvez, por iso, empezo a sentir-me máis "galega". Galega e mediterránea á vez, porque teño presente a miña raizame. Sinto máis empatía polos pobos nómades que polos sedentarios, seguramente por iso me gusta tanto Galicia. Sentínme moi ben acollida aquí.

—Como foi que a mina lle inspirou para escribir esta novela?

—Desde que me instalei en Laxe, en setembro de 2005, sempre pensei en escribir unha novela que tivese como marco a Costa da Morte. Por que? Pola beleza deste escenario tan insólito, pola xente que vive neste solitario confin da Península, un espazo que ten méritos dabondo para ser considerado un parque nacional, protexido e preservado. A realidade é moi distinta. No canto de protección, o que se evidencia é un desleixo e un cortopracismo por parte das diferentes administracións, a nivel local e nacional.

Tiña o marco mais faltábame unha historia acorde co lugar. Entón chegamos

a finais de 2012, eu regreso a Galicia despois de dous anos de viaxe entre Arxentina e Madrid, con intencións de rematar *Austroatlántica*. De súpeto, véxome envolta na loita veciñal contra Mineira de Corcoesto. Como portavozeira e secretaria da Asociación Contramínate, xunto co resto de integrantes, vivimos de preto as accións pola defensa de Corcoesto. Dedicamos moitas horas a investigar e difundir as ameazas do proxecto mineiro de Edgewater. Asistimos á mobilización popular, eu participei en moitas das iniciativas, a nivel presencial e organizativo. O desta loita era un tema que coñecía bastante ben e tiña moito material para documentarme. Foi ante todo a forza desa unión e implicación sociais, semellantes ás que vivín cando a catástrofe do *Prestige*, o que me animou a escribir esta historia. O confinamento en marzo de 2020 permitíume concentrarme na composición da novela. Esta historia merecía ser recordada tamén desde as emocións e as vivencias cotiás de quen sufriu de preto a ameaza, de quen estivemos nas rúas, nas prazas e nos concellos, esixindo a transparencia e a participación que sustentan a democracia para que sexa tal e funcione.

—Vila Amparo é o porto base do movemento veciñal que se opón á explotación da mina. Son un pouco raro, por que ese nome?


—Vila Amparo é Laxe. Un porto de mar illado, baleiro no inverno. Un escenario case prototípico para unha novela de intriga. Na vila hai unha rúa moi céntrica que leva ese nome. Vila Amparo é o acubillo, o berce e o escondedoiro dos protagonistas desta historia. Eu quixen fusionar xéneros: novela negra, novela histórica, calendario, almanaque, tratado de activismo, documento social...

—Na vida real arredor do proxecto da mina había unha estratexia empresarial opaca, unha política entreguista e a ameaza dunha explotación a ceo aberto con tratamento de cianuro. A veciñanza non aceptou un destino colonial. Que pasaría de non ser así?

—Teríamos unha comarca devastada por unha megamina de 80 quilómetros cadrados, que abrangería desde Corcoesto ata Santa Comba. Bergantiños perdería os seus sinais de identidade, deviría unha comarca mineira. Pesaría, como unha espada de Damocles, a ameaza do risco de vertidos na ría por mor de choivas e temporais. Ríos e regatos desaparecerían para abastecer a mina. O val de Corcoesto sería un inmenso cráter con varias balsas tóxicas e montañas de entullos. Moitos veciños perderían as súas casas e propiedades. Cabe destacar que esta ameaza segue aí: a Xunta de Galicia acaba de aprobar un Plan de Minería Sostible en colaboración coa Cámara Mineira co obxectivo de potenciar esta actividade extractiva e de facerlle un lavado de imaxe de cara á sociedade. Por outra banda, estamos vendo, nos últimos dez anos, unha proliferación esaxerada de polígonos eólicos na zona.

—Na novela lánzase un pulso crítico á condición humana?

—A novela lanza unha alerta de cara ao lugar que queremos habitar e ao tipo de sociedade onde queremos vivir. Non podemos durmir fronte a un horizonte distópico, pesimista, sen esperanza. Subliña a importancia dos lazos nas comunidades, de traballos esenciais e ancestrais como son os coidados e os oficios que nos dan de comer. Que pasaría se perdesemos esas relacións e a nosa soberanía, tanto a nivel individual como social?




Esperta do teu sono

O tema central é o conflito da mina de Corcoesto, en Cabana de Bergantiños. Presenta en clave de intriga unha ficción que mestura ecoloxía, desobediencia civil, loita pola terra e solidariedade entre comunidades rurais e urbanas. Entre misteriosas mortes e vellos rancores, Vila Amparo, un porto de mar da Costa da Morte, será testemuña da paulatina toma de conciencia e organización por parte dunha veciñanza que non acepta un destino colonial. O bibliotecario, as profesoras, Vitoria, o percebeiro Urbano, os mestres xubilados, a peixeira Carmela, o Tetris e mais Rou protagonizan un núcleo de resistencia na vila nunha loita histórica que se enfrontou á corrupción das elites políticas e económicas no goberno.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 480 páxinas

ISBN: 978-84-1110-460-9

18,52



Austroatlántica, la Argentina que Dios quiere

Viaxe iniciática que se inspira nunha estadia da autora na cidade de Córdoba, durante os anos 2010 e 2011, e nos acontecementos sociais que orixinaron as mareas de protesta e o fenómeno 15M. *Austroatlántica* xustapón personaxes, historias e lugares, creando unha certa desorde que se corresponde co estado emocional da protagonista, alcumada La Sonámbula: Bos Aires, La Patagonia, Córdoba, Uruguay, Mendoza, Salta ou Iguazú desfilan polas páxinas desta viaxe na procura dunha identidade.

Dep. da Coruña Rústica
15 x 21 cm 280 páxinas

ISBN: 978-84-9812-354-8

14 €

Elena Gallego Abad



Mariña Pérez Rei



Foto: Martín Lagoa

Á VENDA EN FEBREIRO



O legado da nena do sal

Cando Inés lle prometeu á nai ler os seus cadernos e escribir o libro da súa vida non podía imaxinar o alcance dese legado. Ao abrir o primeiro manuscrito, o texto prende a un pasado e unha vida descoñecidos para ela: "Este é o relato dunha orfa á que lle tocou loitar pola supervivencia, un pequeno gran drama que aconteceu nos tempos duros dunha España acabada de saír dunha guerra civil. Naquel tempo moitas familias perderon todo o que tiñan, algúns incluso a vida, mentres outras facían moitos cartos. Para medraren, algúns deses novos ricos sen escrúpulos nin cultura non dubidaron en aproveitarse de persoas inocentes e desvalidas coma min". Texto da editora.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 640 páxinas
ISBN: 978-84-1110-486-9
20,85 €

Á VENDA EN FEBREIRO



Finximentos

Nené baila unha danza de resistencia ao redor de Heinrich, nunha escena de xadrez que os volve invisibles. Os dous sobreviven nun mundo en crise, nun teatro de máscaras onde nada é o que parece e a identidade se torna un xogo, un intercambio efémero entre bambolinas. Asalariados, estafadores ou grandes cínicos, os dous deambulan na procura dunha esquina limpa na costa galega para nadar ou para naufragar, para ocultar o seu amor entre dunas ou para sentirse vivos. Saben que a farsa empeza na propia gorxa. Que o silencio é un baixio que hai que evitar. Que o valor dunha conversa é infinito no perfil das apetencias. Aprecian tanto o que beben coma o ticket que amosa a súa consumición.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 152 páxinas
ISBN: 978-84-1110-487-6
17,05 €



Amador Castro Moure Pronto hei de volver

Como pano de fondo, a emigración a Venezuela de finais dos cincuenta. Conta a historia de Rosario de Chiquinquirá, unha asasina a soldo, residente no infame barrio de Petare, que quere deixar atrás a vida que leva malia estar convencida de que non existe o "ascensor social". Tamén é a historia de Castor Varela, que quixo ir, mais nunca chegou a poñer un pé en Venezuela. E tamén a de Policarpo Luxilde, que foi sen querer e encargou a morte do Castor. En definitiva, unha historia de vidas cruceiro que só alcanzan a súa razón de ser na existencia das outras.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 176 páxinas
ISBN: 978-84-1110-437-1
18,52 €



Irene Rega Jul Tecendo redes

A protagonista desta novela non renuncia ao seu soño profesional, mais tampouco a vingar os feitos que marcaron a súa vida para sempre. Ao día seguinte de asinar o contrato e deixar as súas pertenzas no despacho que ía compartir con Bruno Agueiro, este aparece morto. A cidade érguese conmocionada coa nova do asasinato do catedrático e Verónica non tarda en se converter na principal sospeitosa. Sen dúbida tiña motivos para acabar coa súa existencia, pero non era a única. *Tecendo redes* é unha novela de intriga, que tamén esculca nas miserias da sociedade e nas vítimas dos abusos de poder, na dor do silencio e na culpa.


Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 252 páxinas
ISBN: 978-84-1176-155-0
18,52 €



Fernando Castro Paredes Entomoloxía para misioneiros

O vinculeiro dunha podente familia de Capri, presbítero dunha relixión que se concibe a si mesma como a "Fe Verdadeira", desaparece no cumprimento do seu labor misional. Os pais contratan un experto antropólogo para localizalo e, se é posible, devolvéalo á casa. Ambientada nun século XIX imaxinario, a novela constrúe, mediante a diversidade de linguaxes, un universo de ficción onde o espírito aventureiro engarza situacións que contraponen a devoción relixiosa co racionalismo científico e a civilización coa barbarie.


Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 310 páxinas
ISBN: 978-84-1176-152-9
19,95 €



Ramón del Valle Inclán Flor de santidad

Un libro para ler e tamén para contemplar. Edición facsimilar da novela que don Ramón del Valle-Inclán publicou en 1920 como Tomo II da súa *Opera Omnia*. Ilustrada polo habitual colaborador de Valle, Moya del Pino, e con deseño e maqueta ideados polo propio escritor. A profesora da Universidade da Coruña Olivia Rodríguez-Tudela descobre as claves temáticas e tamén estéticas para gozar a fondo desta singular obra. A edición leva un traballo de Joaquín del Valle-Inclán, neto de don Ramón.

Alvarellos Rústica
13 x 18 cm 252 páxinas
ISBN 978-84-18567-53-7
17,10 €



Ramiro Fonte Mis ojos

En *Mis ojos*, Ramiro Fonte rememora o mundo cotián do neno que nunca deixou de ser e expándeo ata elevalo ao nivel atemporal da alta literatura. Pinta, para a posteridade, un cadro perfecto e cheo de optimismo dunha realidade que se puido esvaecer no tempo, pero que, grazas á súa escritura, perdurará. Esta novela, primeira entrega da súa gran trilogía, supuxo a consagración do excelso poeta Ramiro Fonte como destacado prosista. Tradución de José Fonte Sardiña. Prólogo de César Antonio Molina e ilustracións de Antonio Seijas.

Hércules Rústica
16,5 x 24 cm 312 páxinas
ISBN: 978-84-19754-17-2
22,80 €

VENTO FRÍO

Manel Monteagudo



 MEDULIA
editorial
Narrativa

Manel Monteagudo
Vento frío

Lonxe de acalmar, a borrasca recruaba. Os pensamentos de Robin tornáronse lúgubres. Creu que chegara a súa hora. Era un home novo e forte, mais levaba andadas doce millas e non comera en todo o día. As forzas comezaban a fraquear. Estivo tentado de alixeirar peso no camiño: a lordenta balsa en que gardaba as insignificantes lillains con que comerciaba. Mais abandonar todo o seu patrimonio equivalía a varios días de fame. De improviso, a luz dun raio, seguido dun estrondo valente, alumeou o que semellaba un conxunto de casinas. Coa incerteza de se se trataba dunha especie de miraxe, agardou a chegada doutro lóstrego. As súas esperanzas confirmáronse.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 186 páxinas
ISBN: 978-84-19438-66-9
17 €

AÍNDA QUE TE AGOCHES

Xosé Fernández



 MEDULIA
editorial
Narrativa

Xosé Fernández
Aínda que te agoches

Historias, faces e lances que conforman este compendio asimétrico na procura de ser apaxeo que adoce intres nos que proe pensar, coernos no noso mollo ou ser acacia brava en eixo de carro cantareiro. Deixar espidos os beirós, os silencios forzados que acucian e sobrancean no diario e que mesmo nos impoñen encomendas e compangos que ha cargar débedas que pouco ou nada teñen que ver coa creación literaria. O mundo é un entroido inzado de cordos e perchas con gravata que nos arrastran ao fondo do averno, á destrución coma especie racional con evoltura de boas maneiras.

Medulia Rústica
21 x 29,7 cm 142 páxinas
ISBN: 978-84-19438-68-3
14,90 €

O CANTAR DOS MÚSICOS ERRANTES

Segunda edición

Xulio López Valcárcel



 MEDULIA
editorial
Narrativa

Xulio López Valcárcel
O cantar dos músicos errantes

Obra que recolle, gaba e restitúe a memoria daqueles músicos anónimos que, con maior ou menor "afinación", mantiveron viva a chama da tradición na España en branco e negro do século pasado. Amais, na mestura realidade e ficción vai máis aló da temática estritamente musical para cicelar un exhaustivo retrato daquel mundo que se foi baleirando coa emigración e hoxe agonía entre o desleixo e o silencio.

Medulia Rústica
15 x 23 cm 224 páxinas
ISBN: 978-84-19438-72-0
17 €

CARBUROS É O MEU DIOS

Guadalupe Vázquez Formoso



 MEDULIA
editorial
Narrativa


Guadalupe Vázquez Formoso
Carburos é o meu Dios

Novela histórica e de suspense. Recrea e dá testemuño da época en que tiveron lugar en Castrelo as obras de construción do canal de auga para a central eléctrica no río Xallas, co fin de abastecer de enerxía a Carburos Metálicos. Narrada nunha linguaxe por veces poética, nela conviven os rexistros coloquial e culto.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 100 páxinas
ISBN: 978-84-19438-74-4
14,90 €

PEL DE CROCODILO

Rosana Murias



 MEDULIA
editorial
Narrativa


Rosana Murias
Pel de crocodilo

A morte do pai trastorna de xeito imprevisto a vida da Olga, converténdose no detonante dun cambio radical marcado polo encontro casual cun personaxe peculiar e carismático, Iuri Volk. Olga vese envolta nun proxecto teatral do que Volk é o produtor, motor e alma. A novela invita a acompañar a protagonista por un camiño cheo de incertezas que é un perderse e un atoparse ao mesmo tempo. Aínda que escrita en primeira persoa, os verdadeiros protagonistas son os outros, os lugares e as persoas; dende o convencemento de que o mundo é fóra.

Medulia Rústica
15 x 23 cm 240 páxinas
ISBN: 978-84-19438-77-5
18,90 €

A TERRA LEVE

Adrián Noia



 MEDULIA
editorial
Narrativa

Adrián Noia
A terra leve

María afronta o seu derradeiro alen-to atada a unha anguria provocada polo medo a esquecer a súa vida. Durante moito tempo, non é capaz de tocar o piano, nin sequera de contar a verdade aos seus achegados, pero unha visita imaxinaria evoca nela a vontade de reconstruír o seu pasado e acadar, por fin, a tranquilidade que sempre procurou. Unha carta inacabada, os fillos enfrontados e a fe perdida son os alicientes perfectos para que a protagonista desta historia recupere a posibilidade de perdoarse a si mesma, após unha vida infinda de paixóns frustradas.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-19438-79-9
14,90 €

Alicia Díaz Balado


Alcol
Alicia Díaz Balado
Alcol

Ao longo da novela, hai referencias a narracións propias da mitoloxía grega e do Antigo Testamento, ben modificadas en harmonía co relato ou ben respectando o seu sentido literal. Inclúense ademais certas profecías nacidas arredor do século XII, atribuídas a personaxes históricos como o francés Xoán de Xerusalén ou a alemá Hildergarda von Bingen. Recóllense breves acontecementos marabillosos narrados no *Libro do Infante don Pedro de Portugal* e a toada que Ariadna recita na súa infancia é "Sur le pont d'Avignon", canción tradicional francesa orixinaria de ese mesmo século.

Toxosoutos Rústica
13 x 21 cm 202 páxinas
ISBN: 978-84-126701-0-0
19 €

OS AFOGADOS

PABLO J. RAÑALES


Pablo J. Rañales
Os afogados

Unha nova especie animal invadirá a Galicia do século XXI. Os afogados, uns seres compostos de cunchas, algas e navallas, emerxerán do máis fondo do Océano Atlántico. A humanidade terá que decidir como enfrontarse a eles: se dende o relato bélico, a análise científica ou o agarimo. A obra explora a relación coa natureza e a viralización dos discursos de odio, ademais de propoñer unha reflexión sobre a función da ciencia e a paisaxe dentro da sociedade.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 232 páxinas
ISBN: 978-84-1176-160-4
20,09 €

OS MADRILEÑOS NON SEMPRE VEÑEN EN AGOSTO

Francisco García Novio




 MEDULIA
editorial
Narrativa

Francisco García Novio
Os madrileños non sempre veñen en agosto

Para curar as súas feridas, unha moza que vive en Madrid e que vén dunha ruptura matrimonial retorna á súa aldea natal a mediados do mes de maio. O habitual é que os madrileños volvan en agosto e o feito produce estranxeza na veciñanza. Nada máis chegar soubo que Antón e Paulo, amigos da neñez e compañeiros da escola, están anoxados entre eles de xeito irconciliábel. A curiosidade obrígaa a investigar as causas desa inimidade, sen sospeitar as consecuencias desas indagacións.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 140 páxinas
ISBN: 978-84-19438-58-4
14,90



Arto Paasilinna


Delicioso suicidio en grupo

Onni Rellonen, un home de negocios golpeado pola vida, e o coronel Hermann Kempainen, oficial frustrado, atópanse nunha vella pallota, ambos co mesmo propósito de suicidarse. Tras o estraño encontro deciden levar a cabo un plan: xuntar todas as persoas do país que están pensando en suicidarse e pasar os seus últimos días no grupo axeitado. Paasilinna trata a sombría cuestión do suicidio co seu inconfundible sentido do humor para amosar que, malia todo, a vida sempre paga a pena. Traducido do finés por Tomás González Ahola e Tuula Ahola.

Rinoceronte Rústica 13,5 × 21,5 cm 256 páxinas

ISBN: 978-84-17388-96-6

19,95 €



Aki Shimazaki


Fuki-no-tô

Atsuko marchou da cidade coa súa familia para dedicarse á agricultura biolóxica. O negocio prospera, e o seu marido Mitsuo animaa a contratar unha axudante. Entre as candidatas ao posto preséntase Fukiko, unha antiga amiga do instituto que esperta en Atsuko sensacións do pasado que cría esquecidas. Traducido por Sergio Gómez Blanco.

Rinoceronte Rústica 13,5 × 21,5 cm 122 páxinas

ISBN: 978-84-19795-09-0

16,15 €



Amalie Skram


A traizón

A *traizón* arranca en 1869, na cidade de Bergen, onde dúas familias se reúnen para celebrar a voda entre o experimentado capitán Adolph Riber e Aurora Ingstad, Ory, unha moza de dezasete anos, case catorce menos ca el. A partir de entón, as desavinzas da parella non farán senón agudizarse, sometida a unha guerra conxugal con momentos de gran virulencia (sobre todo dialéctica), a miúdo mediante diálogos enxeñosos, xiros de guiño inesperados e un hábil emprego da corrente de conciencia. No sistema literario de orixe, esta novela está considerada como un dos grandes clásicos do rupturismo moderno escandinavo, un movemento de corte realista e analítico. Traducido do dinamarqués por Marta Dahlgren e Alejandro Tobar.

Hugin e Munin Rústica 13,5 × 20 cm 160 páxinas

ISBN: 978-84-126007-9-7

15,50 €



Louise Colet


El

Rescatar *El*, de Louise Colet, supón sacar do esquecemento unha escritora prolífica reducida ao papel de musa e vítima da misoxinia da época. Publicada en 1859, e un ano despois en volume, a obra contou cun grande éxito, por vir asinada pola amante de Flaubert e por ser un relato en clave cunha visión diferente da recollida ese mesmo ano por George Sand en *Elle et lui*—recreación da súa relación con Alfred de Musset— e por Paul de Musset en *Lui et elle*, unha defensa irada da figura de Musset por parte do seu irmán. Colet combina a narración da marquesa co relato inserido na voz do poeta, o cal lle serve para analizar a psicoloxía de homes e mulleres, e concluír a incompatibilidade que resulta das súas diferenzas intelectuais e sensuais. Traducido do francés por Isabel Soto.

Hugin e Munin Rústica 13,5 × 20 cm 328 páxinas

ISBN: 978-84-128075-0-9

16,62 €



Nellye Bly


A volta ao mundo en 72 días

En 1888 a xornalista Nellie Bly propúxolle ao seu editor no New York World completar a volta ao mundo en 80 días para converter en realidade a fantasía de Jules Verne. Un ano despois comezaría a viaxe co obxectivo de finalizarla en 75 xornadas. Cunha equipaxe o máis lixeira posible, a reporteira partiu nunha viaxe de máis de corenta mil quilómetros, na que mesmo se chegou a encontrar con Verne. Dos seus traslados en barco de vapor e ferrocarril deu conta grazas ás redes de cable submarinas e ao telégrafo, mentres o xornal organizaba unha aposta entre os lectores para tratar de acertar con exactitude a data e hora de regreso da viaxeira. Traducido por Enara Caride Lago e Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica 13,5 × 21,5 cm 232 páxinas

ISBN: 978-84-19795-08-3

19,95 €



Kenneth Cook


A vinganza do wombat

Kenneth Cook (1929-1987) foi un xornalista, documentalista e novelista australiano, coñecido polos seus relatos humorísticos, de notable éxito, que foron levados á pantalla en varias ocasións. Ademais, montou a primeira granxa de bolboretas do seu país e tamén cofundou un partido político oposto á guerra de Vietnam. O seu recoñecemento como escritor chegou coa publicación da súa primeira novela, *Wake in Fright*, en 1961. A este seguiríanlle uns 20 títulos de ficción e non ficción. *A vinganza do wombat* chega ao galego coa tradución de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica 13,5 × 21,5 cm 170 páxinas

ISBN: 978-84-19795-06-9

16,15 €



Bernardo Atxaga

Exteriores do paraíso

Neste libro hai fábulas agudas e iluminadas, versos libres e imaxinativos, relatos melancólicos e cómicos que dan mostra do talento de Atxaga para hibridar xéneros, transitar entre linguas, harmonizar o divino e o humano. Foi traducido ao galego por Isaac Xubín.

Fábrica K Rústica 13,5 × 20,5 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-19213-47-1

16,15 €

40 ANOS DE
TANXARINA

4↑

Tanxarina Titiricircus

Esta obra de teatro de monicreques é unha homenaxe ao circo, que fixo vibrar a moitas xeracións de nenos e neninas. Dende hai 40 anos, Tanxarina fai posible ese mundo de soños representando funcións de vila en vila. Ilustracións de P. Pastor

Kalandraka Cartonado 22 × 22 cm 36 páxinas

ISBN: 978-84-1343-274-8

14 €

ERIC CARLE AMIGOS



4↑

Eric Carle Amigos

Un álbum que expresa de xeito sinxelo pero profundo o verdadeiro valor da amizade. Compartían xogos, bailes e confidencias ata que a distancia os separou. Mais non houbo río, montaña, bosque, chuvia ou escuridade que impedise que se volvesen atopar. Cunha linguaxe sinxela e unhas ilustracións cheas de cor e expresividade, este álbum é quen de conmovernos e transmitir profundas emocións e sentimentos sobre o valor da amizade e do amor que supera ausencias e obstáculos. Unha obra perfecta para compartir que sorprenderá a lectores e lectoras e que remata cunha particular nota autobiográfica do autor.

Kalandraka Cartonado 23 × 31 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-1343-258-8

15,20 €

A visita

Núria Figueras

Anna Font

XVI PREMIO
COMPOSTELA DE
ÁLBUMS ILUSTRADOS

4↑

Núria Figueras e Anna Font A visita

Un álbum orixinal que anima a gozar da soidade e do silencio. Unha proposta necesaria nunha sociedade saturada de "ruído". A tradución é de Xosé Ballesteros.

Kalandraka Cartonado 22 × 28 cm 36 páxinas


ISBN: 978-84-1343-259-5

15,20 €

IV PREMIO FINA
CASALDERREY
DE LITERATURA
INFANTIL POLA
IGUALDADE

E QUE VAI SER?

Adelaida Vidal



3↑

Adelaida Vidal E que vai ser?

Divertida historia na que unha nai responde de formas ben sorprendentes cando dende o inicio da xestación amigos e parentes lle preguntan seguido que vai ser a criatura que está agardando. Tanto importa? Obra gañadora do IV Premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola Igualdade. Ilustrada por María Montes.

Baía Cartonado
15 × 19,5 cm 30 páxinas

ISBN: 978-84-9995-434-9

15,10 €

3↑

MAMÁS E PAPÁS



Małgorzata
Śwędrowska
e Joanna
Bartosik

Mamás e papás

A través de 50 escenas ou viñetas vai-se retratando, ilustrando, o día a día de pais e nais que rachan cos clichés tradicionais nas súas vidas cotiás e o seu papel nos fogares. Olladas dende o punto de vista da xente máis nova da casa, vanse sucedendo situacións divertidas, soñadoras e poéticas. En letras maiúsculas. Traducidos do polaco ao galego por Ana Garrido. Coa supervisión de María Reimóndez.

Alvarellos Cartonado
20 × 20 cm 52 páxinas

ISBN: 978-84-18567-49-0

15,20 €

MAŁGORZATA ŚWĘDROWSKA - JOANNA BARTOSIK
AVOAS E AVÓS

Małgorzata
Śwędrowska
e Joanna
Bartosik

Avoas e avós

Creado polas autoras polacas Małgorzata Śwędrowska e Joanna Bartosik, mostra, dun xeito divertido e rachando cos clichés tradicionais, o día a día de avós e avoas nos fogares, vistos desde os ollos dos seus netos e netas. Os contos desenvolven outra mirada sobre as familias. Quen é a avoa e o avó? Que fan cada día? Que desexan? Traducidos do polaco ao galego por Ana Garrido. Coa supervisión de María Reimóndez. Textos en maiúsculas.

Alvarellos Cartonado
20 × 20 cm 52 páxinas

ISBN: 978-84-18567-50-6

15,20 €

Małgorzata Śwędrowska - Joanna Bartosik

IRMÁS E IRMÁNS



Małgorzata
Śwędrowska
e Joanna
Bartosik


Irmás e irmáns

Cinquenta escenas ou viñetas que amosan o día a día entre irmáns e irmás vistos desde os ollos deles mesmos. Traducidos do polaco ao galego por Ana Garrido. Coa supervisión de María Reimóndez. Textos en maiúsculas.

Alvarellos Cartonado
20 × 20 cm 52 páxinas

ISBN: 978-84-18567-51-3

15,20 €



Estibaliz Espinosa e Branda Abominables adorables e xigantas cantantas

Hai xigantas e xigantes que poderían ser abominables pero elixen non selo. Gozan da amizade, cantan, xantan, cantan estrelas, pensan no planeta e resultan ata riquiños. Se cadra hai que ir pensando para eles noutros adxectivos.

Baía Rústica 20 x 20 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-9995-441-7

15 €



Carmen Penim A fraga de Pasacorrendo

Un lobiño con frío, un paxariño cagón, un ratiño artista... e moitos personaxes máis cos que vivir as aventuras nunha marabillosa fraga. Con ilustracións de Jessica Cidrás.

Toxosoutos Rústica 21 x 15 cm 46 páxinas

ISBN: 978-84-125915-4-5

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Mary Carmen Rey Núñez Favonio

Favonio é un burriño que vive nunha granxa xestionada por un home que, cando algo lle sae mal, a empeza a golpes co becho que teña máis preto. A nai de Favonio por saber do que lle agarda ao seu fillo animouno a que fose na procura da Fraga Encantada, lugar onde ningún animal é maltratado. E malia ter que se enfrontar aos perigos do camiño, aló foi. Ilustra Pura Villar Martínez.

Toxosoutos Rústica 15 x 21 cm 38 páxinas

ISBN: 978-84-126701-5-8

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




Irene Alonso Gasalla Refugallo o espantallo

Comba é unha nena espelida e peculiar. Fai lapiseiros cos frascos de mel, xoieiros con caixas de ovos e casas de bonecas con cartóns de leite. Acompañada do seu gato Chosquiño, gústalle recoller materiais de refugallo para darlles unha nova vida. O seu desexo é recompoñer o vello espantallo que o pai ten na horta da casa, pero non vai ser sinxelo, xa que os "bocapodres" da escola nunca a deixan tranquila. Con ilustracións de Ignacio Hernández.

Xerais Rústica 13,5 x 19 cm 80 páxinas

ISBN: 978-84-1110-474-6

12,50 €




Consuelo Vercher Charlotte

Unha emotiva historia de familia, convivencia e solidariedade, desde os ollos da infancia. Charlotte, co seu case sete anos, empeza a escribir as súas memorias. Encántalle cambiar de nome, abrazar ao seu irmán, liberar grilos ou inventar palabras. O seu pai traballaba deseñando motores para avións, aínda que agora recolle chatarra. Cando a súa nai enferma, Charlotte adopta o nome de Pallasa e propónse coidar aos seus pais. Máis tarde, disposta a modificar o rumbo dos acontecementos, chamárase Meiga. E aínda que as meigas non sempre poden cambiar as cousas, polo menos poden pedir desexos. As ilustracións de Clara Encinas revelan detalles significativos das personaxes. Tradución de Tamara Andrés.

Kalandraka Cartonado 15 x 23,5 cm 56 páxinas

ISBN: 978-84-1343-272-4

15,20 €



Leticia Costas, María Lado, Daniel Landesa e O Hematocrítico

Caramomia

O aburrimiento entrou de cheo nas vidas de Roque, Mafalda, Mabel e Brando xogándolles malas pasadas. Están empezando a ver cousas moi estrañas no barrio. É posible que a súa veciña sexa algo máis ca unha anciá encantadora? Será certo que garda relación cos misteriosos roubos que se están producindo na cidade? O Hematocrítico, María Lado, Daniel Landesa e Leticia Costas uníronse para crear *Caramomia*, un divertido misterio a oito mans.

Xerais Rústica 14 x 21 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-1110-411-1

12,95 €




Sara Fernández e Sonia Roig
O bosque é a nosa casa

Un libro para descubrir como é que funcionan os bosques. Nun bosque todo está conectado. Pero ademais, todas as persoas conectan cos bosques. Traducido por Eugenia Sanmartín.

Hércules Cartonado
 22 x 30 cm 100 páxinas
 ISBN: 978-84-19754-28-8
 19,95 €

Pere Tobaruela



Formig4s
Misión Entroido

FORMOS4, FORX4N, FORNEL4 e FORM4IL son os catro integrantes das FORMIG4S, unha brigada especial que vai ata calquera recuncho do mundo para esclarecer os casos máis enigmáticos e complicados. Nesta nova entrega enfróntanse ao malévolo doutor Paumao durante as populares festas do Entroido. Este tempo de diversión está en perigo pero as formigas, entre máscaras e disfraces por Galicia, farán o posible por salvarlo. Unha colección que ilustra Andrés Meixide.

Xerais Rústica 14 x 21 cm 112 páxinas
 ISBN: 978-84-1110-457-9
 12,95 €

TÍTULOS ANTERIORES

Formig4s

Misión París

ISBN: 978-84-9914-731-4
 12,95 €

Formig4s

Misión Nueva York

ISBN: 978-84-9914-732-1
 12,95 €

Formig4s

Misión Barcelona

ISBN: 978-84-9914-942-4
 12,95 €

Formig4s

Misión Tokyo

ISBN: 978-84-9121-209-6
 12,95 €

Formig4s

Misión Camiño de Santiago

ISBN: 978-84-9121-504-2
 12,95 €

Formig4s

Misión Rosalía

ISBN: 978-84-1110-043-4
 12,95 €



Paula Carballeira
Wombo Combo

Un texto teatral audaz que reflexiona sobre a vida virtual e a soidade na adolescencia. Sara odia a súa vida, ou polo menos a súa vida real: non ten case amigas e moito menos amigos; búrlanse do seu aspecto; non é brillante nos estudos, nin sequera mediocre... Sara ten a sensación de que podería desaparecer e ningún se decataría. Pero ela ten outra vida, unha vida virtual onde xoga en liña con ducias de persoas e é imbatible nas loitas facendo "Wombo Combo". Sara pasa cada vez máis tempo diante da pantalla: deixa de falar, de comer, de durmir... Ata que entra nun videoxogo novo onde debe ir superando retos, se non quere sufrir as consecuencias. Con ilustracións de Paula Cheshire.

Xerais Rústica 13,5 x 19 cm 88 páxinas
 ISBN: 978-84-1110-458-6
 12,95 €



Carlos Labraña
Mambrú volveu da guerra

Unha nena está desexando explorar o parque infantil que abriron ás aforas da vila. Mentres xoga, encontra por casualidade un boneco enterrado. É un soldado de porcelana que lle conta que viviu na vila hai moitos anos, pero non é quen de lembrar o seu nome nin como acabou nese lugar. Coa axuda da súa familia, a nena intentará recompoñer o crebacabezas para que o boneco poida atopar o seu lugar. Con debuxos de Raquel Lagartos.


Xerais Rústica 14 x 19 cm 80 páxinas
 ISBN: 978-84-1110-428-9
 12,95 €



Raquel Castro
Sobremesas sobre versos

Uxía e a súa avoa Sica elaboran sobremesas mentres lembran os costumes do Courel, a mocidade e infancia dunha anciá que comeza a despoboarse de saberes e recordos. Coas receitas de catorce sobremesas e consellos para preparalas. Debuxos de Diana Pastoriza.

Galaxia Rústica 13 x 20 cm 160 páxinas
 ISBN: 978-84-1176-145-1
 14 €



Adrián Gómez Ramos

Aqueles corpos nosos

Todos os actos teñen consecuencias. Fernán e Xandre Malvís buscan recuperar a normalidade nas súas vidas e sandar as cicatrices inflixidas polo enfrontamento cos irmáns Garrido. A cidade, pola contra, non esquecerá con tanta facilidade o conflito entre as dúas familias, e as fauces de Compostela escollerón unha nova vítima. Os Malvís terán que facer uso de todo o seu coñecemento do mundo sobrenatural para resolver a desaparición de Sandra Valverde antes de que o seu corpo se engada á lista de necrolóxicas.


Xerais Rústica
13 x 21 cm 224 páxinas
ISBN: 978-84-1110-451-7
12,95 €

María Solar



Foto: Jaime Pérez


Á VENDA O 15
DE FEBREIRO



Adeline

Adeline é unha homenaxe a Carmilla, a primeira vampira literaria, escrita vinte e cinco anos antes de Drácula. Laura vive desde nena agoniada por un estraño don que posúe: ve mortos. Durante anos leva unha vida solitaria no pazo familiar da contorna de Verín. Cando medra, a ansiada vida universitaria en Madrid tampouco é o que esperaba. No regreso estival ao pazo, Laura atopa unha misteriosa viaxeira. A muller é idéntica á que viu en soños moitos anos atrás. Aquela moza está alí para descubrirlle que o Universo é moito máis inmenso do que percibimos e que os seres ocultos están e estiveron sempre entre nós. "Os non mortos non temos idade. Laura, só quero que saibas que estou en perigo". Finalista do XV Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil.

Xerais Rústica
13 x 21 cm 288 páxinas
ISBN: 978-84-1110-452-4
12,95 €




Lois Pérez

A tribo do mar

Alexandra mira o mar de Burela e soña con goles imposibles; cando verá súa nai de Cabo Verde? Namentres, a miles de quilómetros ao outro lado do océano, o señor Abdallahi non sabe de Tihani; onde se metería o rapaz? Terá problemas co vello Mahmoud? Samba estraña moito o seu pai, pois Souleymane marchou hai xa un mes. Libia non era o que pensaba. O Mediterráneo parece agora infranqueábel. No entanto, a "influencer" Dakota Amazing última o seu novo "reel". O deserto é "supercool"! Pero o deserto é unha boca que ten sede nun mundo que ten fame. E non hai nada comparábel a Simún. Porque, quen ouse desafiar, será envolto polas ondas de area. Cando se vai, quen sobrevive non esquece o seu rostro. Unha aventura que mira as feridas do mundo e navega polas súas historias invisibles. Coma unha tribo do mar.

Xerais Rústica
13 x 21 cm 224 páxinas
ISBN: 978-84-1110-404-3
12,95 €



Miguel Martín

Mururoa

Novela que afonda no comportamento humano, tanto a nivel individual como colectivo, diante de noticias que afectan no máis profundo do ser coma se fosen a explosión dunha bomba atómica. Unha rapaza, Iria, desaparece sen rastro ningún, pero deixa un profundo desacougo na súa familia que, de súpeto, aprende que significa a palabra "amor" logo dunha vida en que cada quen ía ao seu. A desaparición da moza levará a todos a reflexionar sobre os seus sentimentos e a dependencia con quen nos rodea. Ao tempo, algo pasa na vila, que tronza o cotián e que lles lembra ás xentes do lugar a vulnerabilidade fronte a unha falsa sensación de protección.

Galaxia Rústica
13 x 21 cm 258 páxinas
ISBN: 978-84-1176-127-7
16,15 €




Jo Witek e Jimena Estíbaliz

Teño 14 anos, e non é unha boa nova

Efi regresa á súa casa na aldea tras o curso escolar na cidade. Aos seus catorce anos, as vacacións e o reencontro coa familia e amigos enchena de felicidade. Porén, a realidade non tarda moito en golpeala con forza: alcanzou a idade núbil e os seus pais prometérona en matrimonio. Os soños de seguir estudando para converterse en enxeñeira e axudar a mellorar as condicións de vida da súa contorna esnaquízanse. Efi loitará por todos os medios para evitar ese destino cruel que a familia e a tradición trazaron para ela. Unha historia chea de esperanza sobre unha terrible realidade que sofren cada ano doce millóns de nenas no mundo: o matrimonio infantil. Tradución de Antía Veres Xesto e ilustracións de Jimena Estíbaliz.

Faktoría K Cartonado
15 x 23 cm 144 páxinas
ISBN: 978-84-1343-253-3
17,10 €



Davide Morosinotto

A flor perdida da xamán de K

Perú, 1986. Laila ingresa na clínica neurolóxica de Lima e non pasa desapercibida: filla dun diplomático finlandés e co cabelo moi louro. Especialmente para El Rato. Os dous atopan accidentalmente un estraño diario, escrito por un tal doutor Clarke, e quedan fascinados polo debuxo dunha flor rara utilizada polos xamás da tribo de K, que ten un gran poder curativo. Os dous amigos pretenden encontrar a Flor Perdida que quizais poida curar a Laila e cambiar o destino de ambos. Comeza así unha longa viaxe que os levará dende os Andes ata a selva amazónica, desafiando terroristas, narcotraficantes e unha natureza maxestosa e terrible. A tradución é de Moisés Barcia.

Sushi Rústica
14 x 21,5 cm 448 páxinas
ISBN: 978-84-16884-74-2
23,75 €



Esteban Folgar Brea

Meigas

Novela sobre meigas, pero non as que rouban nenos, invocan diaños, botan mal de ollo e lle fan mal á xente que non o merece. As desta novela fan grupos de WhatsApp, vixían que ninguén salte unhas normas determinadas e axudan a quen o pida, pero tamén discuten e se enfadan unhas veces, e bailan e van xuntas de festa outras. Como Xiana, unha rapaza de 16 anos, neta de meiga, que se vai presentar ás probas de selección para tamén se converter en meiga e ocupar un dos postos no aquelarre. Pero xunto a ela hai máis candidatas que queren o mesmo, e só hai dúas prazas!

Galaxia Rústica
13 x 21 cm 172 páxinas
ISBN: 978-84-1176-144-4
14,65 €

Luísa Villalta: Unha poeta do pensamento



Foto: Xosé Abad


A Real Academia Galega acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2024 a Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004) coincidindo co vixésimo aniversario do seu pasamento. Creadora dunha obra singular e sólida que a converteu nunha das grandes figuras da literatura galega que emerxeron na segunda metade dos anos 80 e primeiros 90, Luísa Villalta foi unha intelectual comprometida coa vida. O cruzamento entre a poesía e a música é outro dos trazos definitorios dunha autora recoñecida sobre todo como poeta, pero que tamén cultivou con talento o teatro, a narrativa de ficción, o ensaio, o articulismo e a tradución. A súa obra está marcada polo pensamento apaixonado, a procura do rigor e tamén a exploración estilística, segundo destaca a Academia.



Xurxo Souto Somos un pobo de artistas O método Luísa Villalta

O primeiro monumento da literatura galega son as cantigas medievas. Os *Cantares Gallegos* de Rosalía son o gran referente do Rexurdimento. Cantigas e cantares. Non obstante, a música sempre estivo ausente nas clases de literatura. En 1999 Luísa Villalta publicou *O outro lado da música, a poesía*, libro-referente, onde puxo en valor a mutua atracción que senten entre si ambas as dúas artes. Seguindo o seu método, penetramos na selva vizosa da música galega contemporánea para procurar esa unidade primixenia. E buscámola especialmente nas marxes, territorios case invisíbeis para o gran público, onde medra cada día o poder da creatividade.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 256 páxinas
ISBN: 978-84-1110-455-5
17,05 €



Esperanza L. Mariño Davila As escumas da letra Biobibliografía de Luísa Villalta

A teor do subtítulo do libro, na biografía, con sólidas raíces na cidade da Coruña e na súa prolongación atlántica, pódese percibir a evolución da escritora, a configuración da personalidade xunto coa forxa do compromiso social e político, nun vellelo particular coa lingua e a literatura, mais tamén co ensino público e sempre con Galiza. En conclusión, unha imaxe fidedigna e completa de Luísa Villalta, como ser humano e como artista, do mesmo xeito que corrobora a súa importancia para a lingua e literatura galegas e, por extensión, para a cultura, alicerzada na escolla para o Día das Letras de 2024.

Baía Rústica
15 x 22 cm 164 páxinas
ISBN: 978-84-9995-443-1
19 €


Álbum ilustrado



Montse Dopico Abonda con vivir Luísa Villalta

Unha biografía feita con retallos da memoria que gardaron de Luísa Villalta persoas que formaron parte da súa rede afectiva. Unha análise literaria, sociolóxica e histórica que percorre todas as mulleres que foi Villalta. Un diálogo, con forma de reportaxe, coas súas amizades para tentar explicar quen era Luísa e por que escribiu o que escribiu.

Xerais Rústica
13 x 20 cm 192 páxinas
ISBN: 978-84-1110-482-1
12,95 €



Luísa Villalta As palabras ingravidas

Luísa Villalta acariñaba este proxecto cando a morte a sorprendeu, tan só con corenta anos. En coidada edición facsimilar, esta obra recolle poemas autógrafos escritos ata apenas unhas semanas antes do seu pasamento e para os que utilizou como soporte o almanaque poético da editora Assirio & Alvim para o ano 2004.

Xunta Rústica
12 x 17 cm (con estoxo cartonado)

ISBN: 978-84-453-5365-3
24,38 €



Luísa Villalta Pensar é escuro Poesía reunida (1991-2004)

Esta obra recupera os catro títulos que Luísa Villalta dispuxo en vida para a súa publicación: *Música reservada* (1991), *Ruído* (1995), *Rota ao interior do olo* (1995) e *En concreto* (2004). Estes versos converteron a autora nunha das voces máis importantes da poesía galega das últimas décadas.


Galaxia Rústica
16 x 22 cm 362 páxinas
ISBN: 978-84-9151-996-6
19,95 €



Luísa Villalta O outro lado da música, a poesía

Foi publicado por primeira vez a finais dos anos noventa abeirado polo contexto da escrita poética e ensaística declaradamente musicais da súa autora, e cualificado no seu día como un convite a nos abismar "polos camiños da metáfora e das semifusas", conscientes de que "poucos ensaios hai tan acertados sobre a música e a poesía" (Lino Braxe).

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 192 páxinas
ISBN: 978-84-9151-750-4
20,90 €



Beatriz Maceda e Eli Ríos Luísa Villalta, alma de Violino

Luísa Villalta soubo escoitar o silencio e a realidade que lle tocou vivir e plasmar na súa obra. Esta biografía ilustrada por Laura Suárez conduce ata algunhas das palabras e das músicas que ela ceibou ao vento para recoñecer unha muller tan polifacética como fascinante.


Xerais Cartonado
19,5 x 26,6 cm 48 páxinas
ISBN: 978-84-1110-447-0
15,50 €



María Canosa Luísa Villalta, melodía de palabras

Ademais de na literatura, Villalta destacou como violinista: música e literatura conflúen na súa obra e conforman un estilo propio e orixinal. A docencia, entendida como un saber xeral, e a loita pola xustiza e a igualdade, son outros dos grandes intereses da autora.

Xerais Rústica
13,5 x 19 cm 88 páxinas
ISBN: 978-84-1110-442-5
12,95 €



Manuel López Rodríguez

831-urb

831-urb é un exercicio arquitectónico de ambiente ciberpunk onde o ser humano cre recoñecerse. Este libro de poesía foi gañador do XXVI Premio Johan Carballeira.

Xerais Rústica 14,5 x 22 cm 72 páxinas

ISBN: 978-84-1110-485-2

12,95 €



Rafa Vilar


Os lugares da memoria

Conxunto de textos poéticos diversos que se entrelazan ata formaren un todo con certa unidade estilística e de contido. Introduce o libro unha serie de poemas escritos en prosa poética e agrupados baixo o nome que lle dá título ao conxunto. Os textos falan da perplexidade ante o mundo, das cicatrices do paso do tempo, da procura da xustiza social ou da (in)utilidade da poesía mesma.

PEN Galicia Cartonado 13 x 21 cm 74 páxinas

ISBN: 978-84-09-55474-4

17,57 €



César Cunqueiro


Poemas

Neste volume recóllese a obra completa dun dos poetas máis destacados do panorama literario. Poemas que combinan maxistralmente a composición clásica cunha inmersión no onírico que dota o autor dun estilo recoñecible e único. A mitoloxía e a búsqueda gozosa son tamén sinais distintivos.

Medulia Rústica 15 x 23 cm 282 páxinas

ISBN: 978-84-19438-70-6

18,90 €



VV AA


XX anos de poesía nas Pontes

O Grupo Poético Alalá leva vinte anos sementando poesía na vila das Pontes. Polos seus recitais pasou un bo número de poetas e músicos unidos polo amor común á poesía en galego. Cada unha das persoas que o compoñen teñen unha visión diferente e unha maneira distinta de crear. Así xustamente radica o seu éxito, en facer desa diferenza un elemento de unidade.

Medulia Rústica 15 x 23 cm 282 páxinas

ISBN: 978-84-19438-71-3

18,90 €



VV AA

Poetas na cociña IV


Todo poeta séntese en débada e mantén un diálogo, persoal e interesado co continuo que é a tradición, á que quere contribuír e, xa que logo, agrandar. Ademais sabe que a duración vén dada en prolongar o antes no presente. Ou se queiredes, como tanto pregoo oximóricamente o meu amigo Xano Trevinca: "Poesía, fragilidade consistente". Luciano Rodríguez

Medulia Rústica 14 x 21 cm 142 páxinas

ISBN: 978-84-19438-65-2

10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Paulo Fernandes Mirás

A toada de pedra


"O volume que tens nas mãos, leitora, não é outro assunto que um cântico imenso. Um cântico de um apologeta que leva entre as suas próprias cicatrizes toda a dor e o inteiro entusiasmo da música que dixita nas febres. Nas arestas, na vertigem das pisadas de quem se perde e se acha entre de pedras, entre de si mesmo. Entre de caminhos angulosos por que percutir-se no próprio 'eu': no meu desnoiteado e confuso 'eu'. Extracto do prólogo de Xulio Pardo de Neyra.

Medulia Rústica 14 x 21 cm 82 páxinas

ISBN: 978-84-19438-64-5

11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Inés Mosquera

Nonmesquezas


"Nestes versos de Inés, somos testemuñas da longa viaxe, da intensa peregrinación que emprende para deixar marchar o loito dun destes desaparecos e atopar abrigo no afastado, no, a priori, descoñecido. É unha viaxe física, visceral, que atravesa Europa ata alcanzar as lombas romanesas, os horizontes fríos de cor dourada e os arumes xitanos de biscoito de manteiga ou fume de pipa; asemade, tamén participamos noutra viaxe, desta vez poética, que ten comezo na esfiada feita de seu corazón, feble e esmorecido, e agarda rematar, quen sabe se así ha de ser, no tan desexado sosego". Fabio Rivas

Medulia Rústica 14 x 21 cm 56 páxinas

ISBN: 978-84-19438-73-7

11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Samuel Merino


Claustro corda comensal

A voz (guía) que fala nesta especie de crónica do suceso comparece para abrir unha porta pola que acceder a un recanto da memoria. A voz (testemuña) que fala nos versos ofrece un esquema —claustro, corda, comensal— dun desastre colectivo ao que convoca desde o pasado. A voz (poética) que fala no libro sitúase permanentemente no limiar para poder pechar a porta. Un comezo onde finaliza algo para que algo empece cando algo conclúe.

Galaxia Rústica 12 x 22 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-1176-159-8

13,15 €



Antonio Vázquez Tierra A desolación queima

Con esa cadencia que xa é un elemento identificador da obra poética de Vázquez Tierra, ve a luz esta nova achega do autor lugués. Versos cun peso esmagador, con esa desesperanza que a veces chega a ser tenrura. Poemas que buscan refuxio na cotiandade e que foxen dos artificios.

Medulia Rústica 14 x 21 cm 88 páxinas

ISBN: 978-84-19438-69-0

14,90 €




Claudio Rodríguez Fer Lugo Blues

Nova e coidada edición na que o poeta Claudio Rodríguez Fer regresa ao seu poemario de culto que en 1987 sorprendía pola calidade e a aposta temática pola memoria, tanto a persoal como a histórica, desta cidade. Case corenta anos despois da editada polo Concello de Lugo, Rodríguez Fer revisa e amplía con numerosos poemas esta outra edición, que incorpora o suxestivo traballo artístico de Sara Lamas. O autor comparte un espazo sentido como refuxio, pero por enriba de todo achega a memoria dunha cidade onde comparecen Pimentel, Lorca, Ángel Johán, Juana Capdevielle, Úrania Mella, o doutor Vega Barrera e Díaz Baño, entre moitos outros daquela tribo dos vencidos, pero nunca derrotados.

Alvarellos Rústica 14 x 21 cm 86 páxinas

ISBN: 978-84-18567-54-4

15,20 €




Xabier Paz Antroposofía xeral

Xabier Paz ofrece nestes poemas ensaísticos unha reflexión que quere ser unha chamada da condición animal vestida de cultura, traxe imposto, e do logos, contradictoria ferramenta que, de tan humana, arreda da vida. Un chamado trashistórico para reivindicar o que de común hai nos humanos: pulsións, instintos.

Medulia Rústica 14 x 21 cm 80 páxinas

ISBN: 978-84-19438-75-1

14,90 €



Anónimo Carmina Burana Poemas de amor


Os Carmina Burana son a antoloxía de poesía da Idade Media máis ampla, máis variada e máis coñecida hoxe en día. Carl Orff adaptou no ano 1937 vinte e catro poemas do conxunto en forma de cantata. O manuscrito de Benediktbeuern foi trasladado en 1803 para a Bayerische Staatsbibliothek de Múnic, onde hoxe se custodia coa sinatura CLM 4660. Trátase dun códice en pergamino, que consta actualmente de 112 folios e que foi copiado por dous amanuenses principais en letra gótica minúscula ao redor do ano 1230. Tradución, introdución e notas á edición de Xosé Carracedo Fraga.

Rinoceronte Rústica

14,5 x 22 cm 304 páxinas

ISBN: 978-84-17975-10-6

20,90 €



Francisco Pereiro Atlas de xeografía interior


"É un libro de poemas escrito totalmente espido, sen trampas e comprometido coa miña liberdade persoal e expresiva. Aparecen as lembranzas da infancia, a morte, problemas sociais que me preocupan, a impresión ao visitar vellas paisaxes, o redescubrimiento persoal e a felicidade como obxectivo. Non hai puntuación nin maiúsculas porque no pensamento da depresión as ideas corren e amontóanse sen pausas e sen freo. É un libro sobre min, e sobre ti", di o autor.

Medulia Rústica

14 x 21 cm 98 páxinas

ISBN: 978-84-19438-78-2

14,90 €



Silvia Penas Retratos de vodas, partos e funerais


Asomarse a un retrato como quen busca na profundidade do espello esa outra que unha vez foi, será ou está sendo. Mirarse noutras mulleres que, coa boca chea de terra ou de auga, espárense a memoria e o herdo, a beleza e a escuridade da ferida. Estes retratos rodeados de marcos ofrecen declaradamente un segmento para a fuxida, a constatación dunha fenda en cada foto tirada con palabras, como unha ruta que a lingua trazase polo medio da imaxe para pronunciar a si mesma.

Galaxia Rústica

12 x 22 cm 82 páxinas

ISBN: 978-84-1176-158-1

12,65 €



Helena de Alfonso e José Lara Gruñeiro Fremosas

Cantigas de amigo e de amor de Barahúnda


"Este quinto traballo de Barahúnda pretende ser un artefacto musical, literario e divulgativo. Foi proxectado, na súa orixe, como un disco temático que reunise as cantigas que fomos creando a través dos anos, máis as que se compuxeron exclusivamente para esta, a nosa persoal colección de lírica medieval galego-portuguesa", segundo explican os autores.

Toxosoutos Rústica

15 x 23,5 cm 202 páxinas

ISBN: 978-84-127039-9-3

17,10 €



Leticia Eirín, Manuel Ferreiro e Teresa López Os trobadores da terra de Betanzos


Aproximación a catro figuras orixinais da terra de Betanzos: os trobadores Pero de Armea, Pero García de Ambroa e Pedro Amigo de Sevilha e mais a soldadeira María Pérez, a Balteira. Antoloxía das cantigas da súa autoría e unha escolma dos textos sobre a soldadeira de Betanzos, para cerrar o volume cunha selección de poemas contemporáneos inspirados nos trobadores betanceiros e en María Balteira.

Biblos Rústica

19,5 x 21 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-15086-55-0

16,15 €




Antón Seoane-Pampín Montenegro **Avelino Cabezas e os seus irmáns**

Recolle a evolución dunha saga, dende os tempos da grande emigración galega a América do Sur, a finais do século XIX, ata os lindeiros da Segunda Guerra Mundial. Unha historia entrefebrada de esforzo, sufrimento e éxito comercial, honesto e solidario, recoñecido polo mundo empresarial porteño. A de cinco irmáns, catro cativos e unha rapaza, nados en Narón, entre 1870 e 1878. Quen os guiou foi o maior, Avelino, que marchou con 13 anos ao Uruguai para, ao pouco, establecerse na emerxente Bos Aires. Avelino Cabezas foi un empresario innovador, imaxinativo, de ideario humanista e sentido equitativo, todo un adiantado no mundo da publicidade, con escintilante éxito comercial entre o remate do século XIX e o seu falecemento en 1916. Do seu poderío económico seguen a dar fe dúas casas: unha, El Paraíso, na Córdoba arxentina, a outra, Libunca, en Narón.

Galaxia Rústica 13 x 21 cm 322 páxinas

ISBN: 978-84-1176-164-2

23,75 €




Xosé Díaz Díaz **Autogoberno e Sistemas de Financiamento** O papel da Nación Galega

O texto presenta as cuestións esenciais que suscitan os sistemas de financiamento no Estado español, centrándose especialmente nas deficiencias, que dende un punto de vista nacionalista galego, caracterizan o chamado sistema de réxime común, que afecta a 15 das autonomías, agás as forais. Así mesmo, intenta demostrar que só un sistema baseado na plena liberdade fiscal para as nacións sen estado, inxeridas á forza no Estado en diferentes momentos da Historia, pode solucionar o problema nacional realmente existente.

Laiovento Rústica 22 x 31 cm 236 páxinas

ISBN: 978-84-8487-655-7

23,70 €



J. Fernando Saco Pérez **As matemáticas máis sorprendentes**

O leitmotiv deste libro son os resultados matemáticos que chocan coas nosas ideas intuitivas previas e que nos producen sorpresa, admiración e asombro. Neste texto atopamos curiosas respostas a moi variadas cuestións, entre as que figuran a estatística, as xeniais ideas de Cantor sobre o concepto de "infinito" ou as máximas solucións de Euler a moitas "series numéricas". No final do libro, o "Epilogo" é un percorrido pola historia das matemáticas, con acontecementos destacados, controversias, fitos, anécdotas, ou breves biografías singulares, que nos farán gozar coa súa lectura.

Xerais Rústica 13 x 20 cm 224 páxinas

ISBN: 978-84-1110-495-1

15,50 €



Manuel Cabada Castro **Recompondo un país magoado**

Esta obra contén relatos, propostas, reflexións e denuncias sobre a reivindicación de Galicia, da súa dignidade, da súa historia esvaecida, da súa propia lingua e liberdade. Recolle escritos xa publicados en diversos tempos e medios de difusión, reunidos agora segundo a orde cronolóxica en que se recolleron. Diversos estilos acceden a contidos temáticos con núcleo interno que os une. Unha introdución á complexidade de Galicia e a súa identidade.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 228 páxinas

ISBN: 978-84-8487-631-1

18 €



VV AA **Arredor do rural**

A Comunidade de Accións e Saberes Arredor do rural é unha plataforma que xunta persoas de colectivos rurais moi diversos e outras que pertencen ao eido docente, maioritariamente universitario, de áreas de coñecemento diversas. Xúntanse para aproximar mundos afastados e para visibilizar o medio rural como un lugar de oportunidade para desenvolver futuros profesionais e vitais xustos e sostibles. Este libro recolle algunhas experiencias arredor da estratexia de aprendizaxe-servizo, para que o estudantado forme parte de proxectos que están a construír e innovar en aldeas e pequenas vilas.

Toxosoutos Rústica
16 x 24 cm 174 páxinas

ISBN: 978-84-127489-0-1

18,05 €



Ramón Mariño Fernández **Fanzines en Galiza**

Os fanzines ergueron as súas voces na década dos 90 e nas alboradas do século XXI. Nestas páxinas palpita o pulso da xuventude farta dun mundo gris e inxusto. "O fanzine galego é o facho ardente na noite escura, a chama que alumea o camiño da creatividade sen amarras. Que estas páxinas sexan o primeiro paso para os curiosos e os soñadores, unha porta entreaberta a un universo vasto, onde cada páxina agocha sorpresas infandas".

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 100 páxinas

ISBN: 978-84-8487-651-9

11,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Xesús Fraga **Río Miño** Unha viaxe entre solsticios

Durante seis meses, entre o solsticio de inverno e o de verán, Xesús Fraga percorreu os 315 quilómetros do curso do río Miño, dende o seu nacemento no Pedregal de Irímia ata a desembocadura, na Guarda. Esta viaxe física e contemplativa está narrada con frugalidade e enxeño para achegar o fluxo dos regatos do principal río de Galicia, pero tamén as terras que o abranguen. Unha obra que convida a redescubrir a "columna vertebral, física e simbólica de Galicia" e deixarse atrapar por paisaxes que suscitan a reflexión.

Factoría K Rústica
13,5 x 20,5 cm 216 páxinas

ISBN: 978-84-19213-48-8

17,10 €

María Kronscky e Marion Le Muzic



Foto: Marion Le Muzic

Banda deseñada

Basta!



Guía de autodefensa feminista para adolescentes (e máis...)

As autoras parten de que ser muller nesta sociedade implica afrontar a comportamentos machistas de forma regular. Neste cómic ofrecen un conxunto de técnicas para que a muller se sinta máis preparada: posturas corporais, defensa verbal, o xiro de cento oitenta graos, a intervención paradoxal, a defensa física... En definitiva, diferentes ferramentas para axudar sentirse máis libre e segura, tanto nos espazos públicos como na esfera privada. Traducido por Raquel Senra.

Hércules Rústica 17 x 24 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-19754-30-1

17,10 €



María Victoria Carrera Fernández e Nazaret Blanco Pardo (Coord.)

As múltiples cores da vida

Se ben os avances en relación á situación das persoas LGBTI son innegables en practicamente todas as sociedades que se consideran a si mesmas desenvolvidas, este libro achega traballos onde se amosa a dura realidade que aínda hoxe ten que afrontar este colectivo de persoas: discriminación, violencia, dificultades de integración, etcétera. Neste libro coordinado por María Victoria Carrera Fernández e Nazaret Blanco Pardo fanse tamén propostas de estratexias para promover unha sociedade máis xusta e libre de discriminacións e violencia.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 320 páxinas

ISBN: 978-84-1176-174-1

22,80 €



Carme Fernández-Pérez Sanjulian (Ed.)

Intenso e solidario feminismo

Estudios rosalianos


María Pilar García Negro

Antoloxía de estudos publicados por M.^a Pilar García Negro entre 1980 e 2022, xa consolidada como autora de referencia neste ámbito. Son escritos que teñen contribuído de maneira capital á reinterpretación da obra de Rosalía para rachar coa imaxe terxiversada e reducionista da insigne escritora, fronte á que García Negro postulou unha reevaluación da obra rosaliana a partir da súa preocupación feminista.

UDC Cartonado
18 x 25 cm 232 páxinas

ISBN: 978-84-9749-873-9

23,75 €



Esther Corral Díaz e Yara Frateschi Vieira (Coord.)

Mulleres medievais


Textos e imaxes na lírica galego-portuguesa

Compilación de textos e imaxes que testemuñan a relevancia da muller no marco literario e histórico da lírica galego-portuguesa, un vizoso e variado escenario feminino. Como complemento, a obra inclúe un detallado estudo da representación feminina nas miniaturas do *Cancioneiro da Ajuda* e dous apéndices que rastrexan os posibles antecedentes na lírica das *carjas* e a súa evolución no *Cancioneiro Geral* de Garcia de Resende.

USC Rústica
323 páxinas

ISBN: 978-84-19679-59-8

23,75 €



Mona Eltahawy

Hixabs e himes

A xornalista Mona Eltahawy fai unha condena definitiva das forzas represoras que reducen millóns de mulleres a cidads de segunda clase. Recorrendo aos seus anos como activista e comentarista dos problemas das mulleres en Oriente Medio, explica que, dende que comezou a Primavera Árabe en 2010, as mulleres no mundo árabe tiveron que afrontar dúas revolucións: unha loita xunto aos homes contra os réximes opresivos e outra loita contra todo un sistema político e económico que reprime as mulleres en Exipto, Arabia Saudita, Tunisia, Libia, Iemen e outros países. Traducido por María Fe González Fernández.

Hércules Rústica
14 x 21 cm 200 páxinas

ISBN: 978-84-19754-20-2

17,57 €



Manuel Murguía

Rosalía de Castro vista por Manuel Murguía

